

No _____ Así o vemos en _____

(escribide aquí o nome do voso centro educativo)

(escribide aquí o voso curso)

Medimos o Bo Trato

1

Poñemos nota ao **espazo** e ao **tempo**

O noso centro educativo é acolledor e facilita o descanso e a concentración: é luminoso, está ben ventilado e a temperatura é agradable.

No centro hai un trato igualitario e sen discriminación en relación ao acceso e uso dos espazos.

No noso centro educativo cúmprense os horarios das clases e o tempo de descanso.

Profesoras e profesores fan a planificación de actividades escoitando as propostas do alumnado.

No centro promóvese a responsabilidade compartida no uso de espazos e créanse normas co alumnado.

2

Poñemos nota á **linguaxe** e á **comunicación**

Entendemos as persoas adultas do centro educativo. Fálannos de xeito claro e mostran interese e atención.

Sentimos que temos toda a información sobre as cuestións que nos afectan.

Se non queremos falar, respéctase o silencio. E cando o facemos, escóitannos sen interromper.

Profesoras e profesores non nos menten, dannos respostas honestas ás nosas preguntas.

No centro educativo recibimos información de xeito variado: verbal, escrito, con carteis, con outros materiais...

3

Poñemos nota ás **emocións** e ao **autocoidado**

Profesoras e profesores convidannos a coidar o noso corpo e a nosa mente con actividades interesantes.

As persoas adultas do centro educativo axúdannos a comprender e expresar sentimentos e emocións cando o precisamos.

Cando necesitamos axuda, sabemos a quen lla temos que pedir.

Sentimos o afecto de profesor as e profesores, o que nos dá confianza e seguridade.

Sentimos que profesor as e profesores nos entenden e se poñen no noso lugar.

4

Poñemos nota ás **relacións persoais** e á **convivencia**

No noso centro educativo hai un clima amable e acolledor, baseado no respecto e no cariño, incluso en situacións complicadas.

Algunhas e algúns de nós participamos na elaboración das normas de convivencia do centro.

Contamos con asembleas, grupos de mediación ou espazos concretos para resolver conflitos.

Na clase, algúns temas traballámoslos en grupo, a través de proxectos cooperativos.

Sentímonos felices no centro educativo, hai sentido do humor e optimismo.

Instrucións de uso:

1. Entre todas e todos, poñede nota a cada un dos puntos anteriores pegando un gomet verde, amarelo ou vermello.
2. Cando rematedes a análise, podedes acordar como ides mellorar e que tedes que facer individualmente e en grupo para conseguilo.
3. Volve de ao cartel cando logredes unha mellora e cambiade o gomet. Non esquezaades celebralo!

Máis información, recursos e ferramentas para traballar este tema



coa financiación de: